

PLAN DE LECTURA CEIPP A FRAGA



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. ANÁLISE DE CONTEXTO
3. OBXECTIVOS E INDICADORES
4. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES
5. PROCEDEMENTO DE SEGUIMIENTO

1. INTRODUCCIÓN

A lectura é unha actividade que se aprende, imprescindible para acceder ao coñecemento e á información. É preciso elaborar un plan de lectura que conteña e sistematice unha introdución, unha análise de contexto, obxectivos con indicadores e un procedemento de seguimento para convertela nunha ferramenta eficaz de ensino-aprendizaxe.

Non debemos esquecer que a lectura, ademais de ser unha ferramenta imprescindible, pode e debe entenderse como unha actividade prazenteira.

O obxectivo principal deste plan é motivar ao alumnado para que atopen na lectura un medio de entretemento e aprendizaxe e mellorar a súa comprensión lectora a través dunha metodoloxía activa e participativa que contará con todos os medios dos que dispón o centro.

Co fin de impulsar a promoción e a práctica da comprensión lectora prevista nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, e ao grado de adquisición das competencias clave correspondentes a cada unha das áreas do currículo, regúlase este plan, que vai a potenciar a súa práctica diaria por todo o profesorado en todas as áreas da maneira máis harmónica e eficaz posible.

Deste xeito facilítase o cumprimento da **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación modificada pola Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro** que di :

- *Unha das finalidades da Educación Primaria é a adquisición das habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral e á lectura.(artigo 16.2)*

- *Os alumnos deben desenrolar hábitos de lectura.(art.17.e)*

- *Sen prexuício do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, ...traballaranse en todas as áreas. (artigo 19.2)*

- *Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura todos os centros educativos dedicarán un tempo diario a esta, nos termos recollidos no seu proxecto educativo.(art.19.3)*

Así mesmo garántese o cumprimento da Orde do 26 de maio de 2023 que desenvolve o Decreto 15/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo de Ed.. Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, que no seu artigo 11. Plans educativos no punto 1 menciona que coa finalidade de fomentar o hábito de lectura os centros elaborarán un Plan de Lectura. A parte das esixencias legais, partimos da idea de que a lectura é unha premisa fundamental para a aprendizaxe. Este é un feito xustificativo da necesidade de contar cun plan que lle proporcione á lingua o seu carácter globalizador.

Pretendemos que o alumnado descubra a función terapéutica da lectura e da escritura e que incremente así as posibilidades de desenvolvemento, compensando carencias e creando a necesidade de ler como método de realización persoal.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

Partimos dun **principio metodolóxico** fundamental: **os intereses dos nenos e das nenas.**

A partires de aquí organizamos o Plan considerando estes outros principios:

- Flexibilidade: adaptado a cada nivel, idade, ritmo de aprendizaxe e nivel lector.
- Participación : o alumnado participa na selección dos títulos que han ler e dar publicidade recomendando lecturas a través do andel de favoritos.
- Globalización: abrangue diversos aspectos supeditados aos propósitos lectores e aos tipos de textos.
- Progresividade: empezamos pola lectura recreativa e rematamos pola lectura de estudo.

Para desenvolver estes principios elaboramos as seguintes **estratexias** ao longo do curso:

Prelectura:

- Fomentaremos o interese pola linguaxe escrita ordenando o espazo con recursos que favorezan a autonomía na aprendizaxe.
- Facilitaremos o contacto coa linguaxe escrita mediante a exposición de imaxes acompañadas dun texto moi conciso.
- Empregaremos a capacidade de xogo manipulativo dos nenos e nenas para establecer asociacións obxecto-letra , imaxe-texto...
- Empregaremos o conto como instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas.
- Espertaremos o interese pola lectura con actividades de lectura en voz alta colectiva, contacontos, dramatizacións, proxección de vídeos...

Primeiros lectores:

- Organizaremos o espazo dándolle unha especial importancia á biblioteca de aula.
- A biblioteca de aula recollerá amplamente material escollido polo propio alumnado.
- Proporcionarémoslles material diverso que inclúa literatura en prosa, poesía e teatro.
- Incluiremos o cómic como estratexia fundamental de motivación e de aprendizaxe dunha linguaxe organizada e simplificada.
- Favoreceremos o intercambio de material propio entre o alumnado orientado a un posterior intercambio de impresións.
- Organizaremos actividades nas que o alumnado vivencia os contidos dos libros:
 - ✓ Representacións teatrais.
 - ✓ Lecturas colectivas.
 - ✓ Contacontos.
 - ✓ Visita de autores ou debuxantes.
- Converteremos os medios audiovisuais e as novas tecnoloxías en aliados da lectura.

Lectores autónomos:

O alumnado participará na organización dos espazos de lectura do centro e nas actividades que neles se desenvolvan:

Préstamo e doazón de material propio.

Elaboración de sinalizadores e de elementos decorativos que contribúan ao atractivo do espazo.

Participación en lecturas poéticas, narrativas e teatrais.

Biblioteca escolar:

Coordinaremos toda a actividade de lectura dende a biblioteca do centro:

- Dinamizaremos os espazos conforme aos distintos centros de interese.
- Ofreceremos información de interese: exposición de novidades, os libros

que máis gustan, paneis informativos e animadores...

- Colaboraremos coa administración local nas actividades de animación lectora.
- Facilitaremos a participación dos pais no hábito lector dos nenos e nenas.

-Formaremos os alumnos do 3º ciclo para que colaboren nas tarefas propias da biblioteca (préstamos, devolucións, colocación de libros...)

O noso modelo de biblioteca escolar:

- Entendemos a biblioteca escolar como un espazo educativo que prové de recursos curriculares e non curriculares aos alumnos, aos mestres e ás familias, facilitando a aprendizaxe, o enriquecemento persoal e comunitario, así como o ocio e a creatividade.
- É un servizo prioritario común do centro que se presta á comunidade educativa para cumprir os fins do PEC.
- As actividades da Biblioteca intégranse plenamente nos procesos pedagóxicos do centro e recóllense no PEC, PCC e na PXA.

Funcións da biblioteca escolar:

- Organizar recursos de xeito que sexan accesibles e utilizables .
- Ofrecer información en diferentes soporte , así como asistencia e orientación.
- Fomentar a lectura en todo tipo de soportes.
- Formación na busca, análise e tratamento da información e a documentación.
- Fomento da expresión e a creatividade.

Obxectivos:

- Dinamizar os espazos conforme aos distintos centros de interese
- Ofrecer información de interese: exposición de novidades, os libros que máis gustan, paneis informativos e animadores, celebracións etc...
- Colaborar coa administración local nas actividades de animación lectora.
- Favorecer a participación dos pais no hábito lector dos nenos e nenas e no uso da biblioteca escolar.
- Fomentar a formación do profesorado na animación á lectura.

Respecto aos recursos para desenvolver o Plan de Lectura contamos coa participación de todo o claustro, un total de 17 mestras e mestres. Un deles é o responsable da dinamización da biblioteca escolar e ten asignadas tres horas semanais exclusivas para adicarlle á mesma. Ademais, todos os mestres procurarán na medida do posible, adicarlle algún tempo á semana á biblioteca do centro na que realizará tarefas de xestión e organización (forrado, catalogación...)

No tempo de lecer atenderá a biblioteca o alumnado do 3º ciclo, sempre coa supervisión dun profesor de garda.

Contamos coa participación do concello e das familias na proposta e realización de actividades que teñen como fin a animación á lectura.

Finalmente destacamos as visitas do grupo de teatro, de contacontos ...

Contamos tamén con material impreso, audiovisual e manipulativo.

3. OBXECTIVOS E INDICADORES

OBXECTIVOS XERAIS

- Consolidar ao final do proceso, hábitos e habilidades lectoras no noso alumnado.
- Ampliar o abano dos gustos lectores dos nenos e nenas.
- Poñer nun plano de igualdade a lectura cas outras vías de acceso ao coñecemento, supostamente máis atractivas para eles.
- Espertar en cada lector o interese pola lectura de todo tipo de textos.

- Capacitar ás alumnas e alumnos para abordar e comprender as dificultades de calquera tipo de texto: informativos, científicos, literarios...
- Acadar que a biblioteca forme parte da vida do centro, como instrumento fundamental de traballo e lecer.
- Acadar a capacidade de comunicarse por escrito dunha maneira económica e clara que permita desenvolverse con facilidade e éxito nas distintas situacións da vida.
- Traballar indistintamente as linguas galego, castelán e prestar especial atención a fomentar e pracer de ler e a comprensión lectora en lingua inglesa.
- Involucrar a toda a comunidade escolar no desenvolvemento do hábito lector.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS POR CICLOS CON INDICADORES ACADADO/EN PROCESO

3.1. Educación Infantil.

- Crear un clima de interese pola lectura.
- Empregar estratexias metodolóxicas que convertan a lectura nun traballo pracenteiro.
- Aproveitar a imaxinación infantil para favorecer o gusto polos textos lidos.
- Favorecer a comprensión lectora aproveitando as habilidades e o gusto dos nenos e nenas polas actividades manuais e o xogo.
- Iniciar aos nenos e nenas na comunicación escrita mediante o simbolismo gráfico.

3.2. 1ª Ciclo de Educación Primaria.

- Fomentar o pracer no uso e lectura dos libros e contos.
- Desenvolver a imaxinación, creatividade e a linguaxe a partir da lectura de imaxes.
- Coñecer a organización e o funcionamento básico da biblioteca.
- Potenciar o uso da biblioteca do centro participando nas actividades dos plans da biblioteca do colexio.
- Afianzar hábitos de comportamento, coidado e respecto polos libros , outros materiais e soportes relacionados coa lectura.
- Fomentar o hábito lector para espertar, crear e desenvolver a comprensión da cultura e o coñecemento.
- Converter a lectura nun espazo lúdico e de divertimento.
- Adquirir un nivel léxico axeitado a idade en todas as áreas de coñecemento.
- Ser capaz de contar a síntese dun argumento escoitado ou lido adaptado o nivel do ciclo.
- Fomentar a creación de traballos escritos manifestando ideas, sentimentos e emocións.
- Fomentar a reflexión a través da lectura.
- Fomentar o traballo en grupo.

3.3. 2ª Ciclo de Educación Primaria.

- Coñecer o funcionamento e organización da biblioteca e facer uso dela con distintos fins.
- Facilitar o acceso á información a través dos distintos soportes.

- Adquirir destrezas necesarias para escribir con orde, coherencia e claridade distintos tipos de textos.
- Desenvolver a imaxinación, creatividade e a linguaxe a través da lectura.
- Fomentar o pracer pola lectura e a autonomía á hora de escoller libros.
- Ler textos diversos coa fluidez, precisión, intensidade de voz, entoación e o ritmo axeitados á idade e á finalidade da lectura.
- Consolidar a lectura persoal silenciosa e o emprego de estratexias de control dos procesos lectores implicados na comprensión e expresión lectora.
- Afianzar hábitos de comportamento, coidado e respecto polos libros , outros materiais e soportes relacionados coa lectura.
- Adquirir un nivel léxico axeitado á idade en todas as áreas de coñecemento.
- Desenvolver a capacidade de sintetizar ou expoñer a información dun texto escrito empregando as habilidades lingüísticas propias.
- Potenciar a reflexión a través da lectura e unha actitude crítica ante os distintos tipos de texto.
- Comprender textos procedentes de distintos medios de comunicación social (xornais, webs, publicidade...)
- Acadar unha porcentaxe alta de visitas á biblioteca e de préstamo de libros.

3.4. 3ª Ciclo de Educación Primaria.

- Ler textos diversos coa fluidez, precisión, intensidade de voz, entoación e o ritmo axeitados á finalidade da lectura.
- Consolidar a lectura persoal silenciosa e o emprego de estratexias de control dos procesos lectores implicados na comprensión e expresión lectora.
- Adquirir habilidades para identificar a estrutura dos textos, o punto de vista dos autores, a información implícita, os dobres sentidos, a ironía...
- Comprender textos procedentes de distintos medios de comunicación social (xornais, webs, publicidade...)
- Desenvolver a capacidade de sintetizar ou expoñer a información dun texto escrito empregando as habilidades lingüísticas propias.
- Atopar, seleccionar, contrastar e , en definitiva, traballar coa información procedente de diversos soportes.
- Expresar por escrito as ideas con orde, coherencia e claridade.
- Acadar unha porcentaxe alta de visitas á biblioteca.
- Desenvolver distintas funcións en relación á biblioteca relacionadas co traballo autónomo, a elección dos textos ou temas de lectura e a participación e proposta das actividades de animación lectora.
- Colaborar co profesor de garda da biblioteca en tarefas de préstamos, devolucións, colocación de libros, préstamos de xogos, mantemento do orde no tempo do lecer, por quendas.

4. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES.

4.1. ACTIVIDADES XERAIS DO CENTRO:

- Semana da prensa.
- Conto viaxeiro.
- Xornal do CEIP A Fraga.
- Traballos propostos polo EDLG.

- Participación nas actividades organizadas polo Concello.
- Visita á biblioteca municipal.
- Celebración do Día do Libro coa visita dalgún autor.
- Actividades de contacontos.
- Participase en todas as actividades relacionadas coa lectura que se oferten.
- Nas reunións de pais e nais pídeselles que colaboren na potenciación do hábito lector dende a casa, comentándolles como poden facelo.
- Celebración de todas as conmemoracións dentro do calendario escolar.

4.2. EDUCACIÓN INFANTIL

- Reservar a biblioteca de centro unha hora semanal cada grupo: lecturas en familia, 5 anos len a 3 anos, contos preparados da casa, etc.
- Continuar coas mochilas para á casa de venres a luns e cubrir o “pasaporte” de biblioteca.
- “Mochila espacial”. Nova actividade proposta para que o alumnado de forma semanal leve material relacionado co proxecto que a traballa na aula: revistas, contos, xogos, entre outros.
- Contos en familia. As familias preparan un conto para contar na aula ao resto do alumnado do grupo-aula.
- Continuar coa hora de ler, Programa de estimulación Lingüística, etc.
- Biblioteca de aula como recanto onde haberá diversos materiais como xogos, contos e libros relacionados cos proxectos.
- Visita biblioteca municipal.
- Escoita de contos a partir de diversas canles.
- Aquelas que se encomenden dende o propio equipo de biblioteca.
- Elaboración de contos cooperativos seguindo distintas dinámicas: conto tolo, a historia en sentido inverso, etc.

4.3. 1º CICLO DE ED. PRIMARIA.

Esta proposta de **Plan de Lectura** eminentemente lúdico nas realizacións prácticas ten un traballo forte na aula, pero cremos que enriquecerá o ámbito da convivencia familiar.

- Un tempo diario para o desenvolvemento de actividades lectoras e de fomento do hábito lector.
- Exposición dos libros da biblioteca.
- Búsqueda de libros e información na biblioteca acudindo unha sesión semanal as súas dependencias.
- Préstamo de libros axeitados á capacidade – idade – interese dos fondos da biblioteca. A partir dos mesmos realizar unha ficha de síntese, con ilustracións e palabras.
- Achegamento de escritores e ilustradores o centro para que os alumnos/as sintan o libro como algo próximo e cercano.
- Recomendar lecturas suxerentes e atractivas para os nosos/as alumnos/as.
- Contacontos levados a cabo por alumnos/as, maiores, mestres, outras persoas da comunidade educativa ou persoeiros convidados.
- Inventar finais para contos incompletos, oralmente unhas veces e outras por escrito.

4.4. 2º CICLO DE ED. PRIMARIA

- Dedicaremos media hora diaria á lectura por pracer despois do tempo de lecer.
- Hai reservada para cada titoría unha hora semanal na biblioteca do colexio na cal o alumnado poderá libremente empregar os recursos dispoñibles nela, incluíndo o servizo de préstamos se se desexa levando a cabo un rexistro por parte do titor/a.

Tamén se aproveitará esta hora para a realización de certos traballos que impliquen o uso deste espazo.

- O alumnado cubrirá unha pequena ficha sobre os libros que colle prestados e dispoñerá dun "carné lector", no cal irá conseguindo puntos cada vez que remate de ler un libro.
- Procurarase o uso de recursos de Biblioteca Creativa, como é o caso do teatro de sombras para a creación de historias.
- Na clase hai un espazo, "Recuncho de lectura" con distintos tipos de libros, xornais escolares, revistas, mapas... que se utilizan, en ocasións, como premios, cando algún remata as tarefas e como lugar de lectura na hora de ler ou en momentos puntuais de lectura conxunta. Noutros momentos a lectura é no propio asento.
- Continuaremos co uso da "Mochila viaxeira" ofrecida pola Biblioteca do centro, a cal será outorgada cada semana a un alumno/a distinto e deberán facer un pequeno resumo do que máis lles gustou, o que menos, suxerir algún cambio ou mellora, etc.
- Realízanse xogos e actividades de animación á lectura: xogo das pistas, buscar erros, ordenar unha historia, descubrir palabras, inventar ou cambiar o final...
- No taboleiro da clase hai un espazo no que poden anotar os libros que máis lles gustaron para motivar á súa lectura aos demais compañeiros/as.
- Nas áreas de lingua lense todas as lecturas e diferentes textos de cada tema e realízanse actividades de comprensión e expresión tanto oral como escrita. Traballárase a capacidade de sintetizar a información extraída dun texto.
- Nas áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, o alumando le en voz alta os distintos apartados e vanse explicando e comentando.
- Traballaranse diferentes libros que deberán ler todos, tanto en lingua galega como en lingua castelá. Fanse actividades previas á lectura para motivalos, empézase lendo na clase, coméntase, imaxínase que pode pasar e logo continúaase coa lectura na casa, traballando o libro por capítulos na clase.
- Os contos, narracións, poemas...que se elaboran nas actividades diarias da clase son lidos polo autor en voz alta.
- Represéntanse na clase textos teatrais e nalgunha conmemoración de Nadal, Entroido e Letras Galegas fóra da clase.
- Terán lugar en distintos momentos apadriñamentos lectores internivel.
- Propoñeráselle ás familias que, de xeito voluntario, visiten as aulas e biblioteca para realizar algún contacontos preparado previamente.
- Empregaranse os recursos dixitais (aula TIC, ordenadores portátiles e tablets) para algunha lectura mediante a plataforma E-ELBE.2 ou o uso de xogos que potencien as destrezas lectoras.
- De cara ás vacacións mándase unha relación de libros axeitados para a idade coa finalidade de que sirvan de guía para as lecturas do verán e, incluso, como recomendacións para agasallos de Nadal.

4.5. 3º CICLO DE ED. PRIMARIA

- O equipo TICS instala en todos os dispositivos a Biblioteca Virtual E-LBE 2.
- Adicaremos media hora diaria á lectura no horario que o titor considere máis oportuno.
- Hai reservada para cada titoría unha hora semanal na biblioteca do colexio na que o alumnado poderá libremente empregar os recursos dispoñibles nela, incluíndo o servizo de préstamos se se desexa.

- O alumnado cubre unha ficha cos libros que colle prestados da biblioteca no tempo de lecer. Faranse comentarios na aula sobre os libros lidos para motivar a lectura dos mesmos cos compañeiros.
- Nas áreas de lingua lense todas as lecturas e diferentes textos de cada tema e realízanse actividades de comprensión e expresión tanto oral como escrita. Ademais dos libros de texto de Lingua Galega e Lingua Castelá, empréganse tamén libros de lectura.
- Na área de coñecemento do medio, os alumnos len en voz alta os distintos apartados e vanse explicando e comentando.
- Tamén se participa no programa "Voz Escuela", no que se realizan actividades de lectura, comentarios da lectura e outras actividades orais.
- Na biblioteca de aula temos varios títulos para lectura libre e individual. Buscaremos historias para ler e comentar na rede.
- De cara ás vacacións mándase unha relación de libros axeitados para a idade coa finalidade de que sirvan de guía para as lecturas do verán.
- Ao longo do ciclo o alumnado lerá, como lectura obrigada diferentes libros:
- Lingua inglesa:
 - ✓ Colectivamente facemos lecturas dramatizadas dos relatos dos libros de texto.
 - ✓ Tamén leremos de forma colectiva lecturas "online".
 - ✓ Na biblioteca de aula temos varios títulos recomendados para a lectura individual libre.
 - ✓ O alumnado representará un ou dos contos coñecidos ante o alumnado de E. Infantil

4.6 . ÁREA DE LINGUA INGLESA.

Obxectivos:

Fomentar o gusto pola lectura como fonte de información e coñecemento e tamén por pracer.

Ampliar os fondos da biblioteca con exemplares que resulten atractivos e funcionais para o alumnado dos distintos niveis.

Actividades:

Terceiro ciclo:

- Colectivamente facemos lecturas dramatizadas dos relatos dos libros de texto.
- Tamén leremos de forma colectiva lecturas "on line".
- Na biblioteca de aula temos varios títulos recomendados para a lectura individual libre.
- O alumnado representará un ou dos contos coñecidos ante o alumnado de E. Infantil

Segundo ciclo

- Na biblioteca de aula temos varios títulos para a lectura libre individual.
- Buscaremos historias para escoitar e ler "online".
- Facemos lectura comprensiva e dramatizada dos contos dos libros de texto.
- Seguiremos ampliando os fondos da biblioteca.

Primeiro ciclo

- Polo que respecta as lecturas das unidades didácticas:
- 1º Vemos os contos en vídeo ou escoitan os relatos observando as láminas.
- 2º Escoitan e repiten lendo o relato na pizarra dixital.
- 3º Escoitan e len unha versión abreviada no libro
- 4º Fan un mini libro recortando e ordenando as escenas da historia.

- Buscaremos libros adaptados online e seguiremos ampliando a biblioteca de aula con títulos axeitados.

Educación Infantil

- Empregaremos os libros da biblioteca de aula que resulten máis apropiados.
- Trataremos de conseguir máis exemplares atractivos e funcionais.
- Buscaremos contos na rede.

4.7 . EDLG.

Entre os obxectivos do presente curso escolar 2023 – 2024 do EDLG encóntranse estes relacionados co plan de Lectura:

- Potenciar e favorecer a lectura e a adquisición de coñecementos en lingua galega.
- Espertar o interese pola prensa escrita e favorecer a exposición de noticias en lingua galega.

Actividades programadas polo EDLG relacionadas co Plan de Lectura:

- Actividades de animación á lectura e expresión oral en galego.
- Edición do xornal escolar “A Fraga”.
- Colaborar co equipo de biblioteca no PLAMBE, coas mochilas viaxeiras e outras actividades que impliquen a dinamización da lingua.

8. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO.

Para avaliar o Plan de Lectura empregaremos as seguintes estratexias.

- Rexistro de lectores.
- Análise da actividade lectora nas aulas en canto á diversidade de temas de lectura e ao progreso na habilidade lectora.
- Seguimento do grao de participación nas actividades de animación.
- Revisión periódica da idoneidade do plan en base aos resultados das estratexias anteriores.
- Revisión dos fondos co obxecto da súa actualización, da súa adecuación e da súa diversidade.
- Realizaranse enquisas de satisfacción dentro da Aula Virtual.